



## **Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto institucional conmemorativo do 35 aniversario do Parlamento de Galicia e da toma de posesión do primeiro presidente da Xunta**

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 21-01-2017

Presidenta do Congreso dos Deputados,  
Presidente da Xunta de Galicia,  
Representantes dos Grupos Parlamentarios da I Lexislatura,  
Delegado do Goberno,  
Presidente do Consello de Estado,  
Secretaria de Estado de Economía e Apoio á Empresa,  
Vicepresidente e Conselleiros da Xunta,  
Membros da Mesa,  
Ex Presidente e Ex Presidentas do Parlamento,  
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza,  
Portavoces e Deputados do Parlamento,  
Familia de D. Gerardo Fernández Albor,  
Ex-conselleiros,  
Autoridades,  
Señoras e señores:

Bos días e moitas grazas por nos acompañaren nunha xornada de fonda significación para cantos cremos en Galicia e no seu autogoberno.

Convócanos un acto institucional conmemorativo do 35 aniversario do Parlamento de Galicia, constituído no Pazo de Xelmírez un xa afastado 19 de decembro de 1981. Facémolo, ademais, o día en que se cumpren tres décadas e media da toma de posesión do primeiro presidente da Xunta da nosa historia, unha data a partir da cal Galicia dispuxo do seu propio Executivo, facendo realidade un



soño longamente agardado polos nosos devanceiros, moitos falecidos no exilio, lonxe da terra nai á que tantos desvelos dedicaron en vida.

Á aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia seguiu a celebración das Eleccións autonómicas (20 de outubro de 1981) das que xurdiría o noso primeiro Parlamento, constituído nunha sede prestada, nuns tempos nos que a precariedade de medios materiais se vía sobradamente compensada pola ilusión e o compromiso autonomista dos 71 deputados e deputadas que debutaban naquela estancia románica de Xelmírez.

Con todas e todos aqueles deputados Galicia mantén unha débeda de gratitude e de recoñecemento que quen lles fala ten o encargo de tentar saldar, aínda que sexa só simbolicamente, con palabras, no nome de toda a institución parlamentaria.

Grazas a todos os que hoxe nos acompañan e, de maneira especial, aos deputados fundadores desta Cámara, que, coa súa presenza e a súa palabra, avivan o sentimento autonomista que, desde as lexítimas diferenzas, profesaban, profesan e profesamos todos e todas.

Eles, e moitos outros, son os artífices do proceso de edificación do autogoberno de Galicia e das súas institucións, fundamentais tamén para a consolidación da democracia parlamentaria que nos acubilla e que todo o fixo posible.

Boa parte da sociedade galega —seguramente a maioría das persoas nadas desde a instauración da democracia— descoñecen a xénese deste proceso, e moi particularmente as orixes da Autonomía, hoxe felizmente asentada. O relativo descoñecemento que rodea esa etapa histórica podería facer supoñer que Galicia contou desde sempre coas súas propias institucións, ignorando que son o resultado dun longuíssimo camiño,

que é o froito do esforzo, da xenerosidade e das renuncias de moitos.

No ámbito estatal, coido que esa débeda de recoñecemento está moito máis próxima a ser saldada, como pode acreditar a presidenta do Congreso, á que agradezo a súa presenza entre nós. Así, téñense sucedido homenaxes e recoñecementos aos ponentes da Constitución e a outros dos protagonistas da transición democrática española, un proceso exitoso tomado como exemplo noutras latitudes e estudado en universidades de todo o mundo, aínda que algunhas veces os propios españois esquezamos a súa verdadeira transcendencia.

No entanto, no ámbito galego debemos recoñecer a existencia dunha carencia que é preciso reparar para, deste xeito, revalorizar o noso pasado, do que podemos e debemos sentirnos orgullosos.

Homenaxeamos a quen o merece, certo; pero buscamos tamén que se fale dos que traballaron a prol da Galicia autonómica, poñer en valor a súa xesta, e que todas as galegas e galegos, especialmente os de menor idade, se interesen pola nosa historia máis recente e polas persoas que a protagonizaron.

Falamos de persoas das máis variadas ideoloxías, que teñen feito un traballo inmenso no último século; un traballo que agromou e madurou ofrecendo como froito a Galicia actual: unhas institucións autonómicas sólidas que hoxe permiten exercer a nosa capacidade de autogoberno en pé de igualdade coas restantes Comunidades Autónomas de España, que nos sitúan entre os territorios con maior autonomía política de todo o vello continente, e que con frecuencia son postas como exemplo de estabilidade, confianza e bo facer.

É probable que poucos mozos galegos coñezan a figura de don Antonio Rosón —primeiro presidente da Cámara e primeira medalla,

a título póstumo, do Parlamento de Galicia— a pesar de ter sido un dos principais construtores da nosa autonomía, como foi e segue sendo un exemplo de moderación e bo facer no exercicio do papel moderador que lle tocou desempeñar nos inicios desta institución.

Cúmprense hoxe tres décadas e media da toma de posesión de Gerardo Fernández Albor como primeiro presidente da Xunta de Galicia.

Conmemorar ao mesmo tempo o aniversario do Parlamento non é unha decisión casual, senón que con ela poñemos en valor o seu papel determinante na estrutura institucional de Galicia, na medida en que do Lexislativo emanan os restantes poderes da Comunidade Autónoma por mandato constitucional e estatutario.

Hai 35 anos, e sen maioría parlamentaria, o presidente Albor asumiu a tarefa de impulsar o autogoberno de Galicia practicamente desde a nada.

E a pesar das limitacións daquel tempo, mesmo da desconfianza ou da indiferenza que aquela empresa suscitaba, os resultados axiña comezaron a ser visibles, como tiven ocasión de comentar con Don Gerardo esta mesma semana no seu retiro de Biduído.

Do mesmo xeito que Galicia foi recoñecida como «nacionalidade histórica» equiparándose con Cataluña e co País Vasco por ter plebiscitado o seu primeiro proxecto de Estatuto antes do estourido da Guerra Civil do 36, a Comunidade Autónoma poñíase en marcha inspirada e apoiada implícita e explicitamente pola bagaxe do galeguismo histórico no que o Dr. Fernández Albor militaba desde tempo atrás.

Galegos bos e xenerosos coma Ramón Piñeiro e tantos outros puxeron todo o seu empeño, desde a militancia galeguista, para que a nave de Galicia, pilotada por D. Gerardo, chegase e bo

porto. Hoxe, coa perspectiva do tempo pasado, podemos afirmar que a singradura pagou a pena; abofé que si, malia que, coma en todas as travesías, tivese que sortear mar groso e mesmo moi groso.

O galeguismo que inspirou o Goberno do presidente Albor obrou un cambio certamente admirable sobre a sociedade á que servía.

Como sinala o profesor Beramendi na súa recente *Historia mínima de Galicia*, naquela etapa «o galego pasou a ser o idioma oficial practicamente exclusivo da Xunta, o Parlamento e a radiotelevisión autonómica, co cal minguou rapidamente a súa antiga función de marcador social negativo». Un estigma, engado eu, que viñamos arrastrando durante os últimos séculos.

Puxen o exemplo da lingua, pero podería poñer outros como a adquisición do cuartel do Hórreo para convertelo na actual sede do Parlamento de Galicia ou a decisión de dotar a Xunta dunha sede propia, o Complexo de San Caetano.

Que o exemplo do amor a Galicia profesado por Don Gerardo e por todos os homes e mulleres que co seu traballo dotaron esta terra de Parlamento e de Goberno de seu nos ilumine e sirva de guía, agora e sempre.

Moitas grazas.